

Diálogo: Como evitamos con urxencia que a pobreza se herde en Galicia.

Antón Bouzas, Colexio Educadores Sociais de Galicia.

Bos días amigas e amigos:

Quero empezar dando as grazas á Rede Galega contra a Pobreza por ternos convidado a reflexionar sobre a pobreza infantil.

A pobreza infantil, adolescente e xuvenil corresponde a un sector da poboación que está fora do mercado laboral e non está en idade de ser autosuficiente a nivel económico e, polo tanto, dependente das familias de orixe ou, no seu caso, tutelados por institucións públicas.

Esta realidade ten orixe nos altísimos índices de paro laboral, de baixos salarios (traballadores empobrecidos), na contratación temporal e nas altas deficiencias nas políticas de benestar social que ofrecen prestacións que non cubren as necesidades básicas das persoas e familias que, en contra da súa vontade, se cronifican ao manterse durante largo tempo nesta situación.

Un exemplo práctico e real:

Nunha gran cidade de Galicia unha muller con dous fillos en idade escolar ao seu cargo, con ingresos cero, parada de larga duración e sen prestacións por desemprego.

Nesta situación non pode pagar o aluguer da súa vivenda e recibe requerimento xudicial con data de xuízo e lanzamento.

Neste contexto inicia xestións na Unidade de Base do Concello (Unidade de Traballo Social, UTAS).

A primeira cita ten unha demora de algo máis de un mes, a visita domiciliar da traballadora social, de obrigado cumprimento, ten unha demora mínima de tres meses que sumado ao resto de xestións acumula unha demora de entre cinco e oito meses.

Nesta espera ten o xuízo por impago e o xulgado fixa data de lanzamento que con algunha pequena prórroga acaba executándose.

Esta familia acaba dispersándose entre familiares e amigos.

Cando esta nai busca unha alternativa habitacional e informa que non ten ingresos pero vai a percibir unha Renta de Integración Social (RISGA) e unha axuda de 200 euros mensuais do Plan de Vivenda da Xunta de Galicia, sistemáticamente, os potenciais propietarios, néganse a alugar a súa vivenda polas poucas garantías de que poida facerse cargo dos gastos mensuais.

Se esta muller non consegue un traballo a curto ou medio prazo e lle concedan a RISGA con unha demora de entre cinco e seis meses, percibirá uns ingresos de 403,38 euros, máis 53,78 euros de axuda de aluguer e 75,30 por un primeiro fillo e 64,54 euros polo segundo, facendo un total de 532,46 euros.

Se percibira por desafiuzamento 200 euros ao mes tería uns ingresos de 732,46 euros mensuais.

Se atopara unha vivenda en aluguer por 400 euros quedaríanlle para o resto de gastos 332,46 euros. É dicir, tería que vivir con 11,08 euros diarios. É imposible evitar a pobreza severa infanto-xuvenil.

Tomando como referencia este caso real, Colectivos como os que en este Foro estamos representados deberíamos instar a Concellos, Xunta de Galicia, Estado e Deputacións, institucións con competencias compartidas en políticas de benestar ou xustiza social, a promover reformas profundas que paso a describir:

1. Adecuación dos orzamentos para aumentar as prestacións sociais.
2. Aumento das plantillas de persoal achegándose aos ratios recollidos na lexislación en vigor.

3. Que as Unidades de Traballo Social de Base (UTAS) se convirtn en Unidades Interdisciplinarias de Acción Social (UNIS), recollidas na actual lexislación da Xunta de Galicia, equipos que deberían contar con Traballadoras Sociais, Psicólogas, Educadoras Sociais, Orientadoras Laborais, Administrativas de Xestión. Estas Unidades deberían ter turnos de mañán e tarde para que poidan solucionar as demoras na resolución de expedentes así como as Urgencias Sociais.

Que nestas unidades se promocionen as dinámicas grupais de Formación Continuada buscando o empoderamento, as habilidades de resiliencia e actividades de ocio, cultura e tempo libre con intención de incentivar a prosocialidade seguindo as técnicas do “couselling”.

Que cumplan a obriga de presentar memorias anuais a través da metodoloxía SIUSS (Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais) que proporcionen conclusións para uns servizos máis eficaces e eficientes.

4. **Vivenda.** Creación dun Consorcio Público de vivendas sociais en réxime de aluguer con cotas proporcionadas aos ingresos das persoas ou familias e gratuitas para aquelas con ingresos cero. As vivendas poden ser de orixe público ou privado. No caso das vivendas privadas o Consorcio debería facerse cargo do Seguro Multiriscos.

Como reflexión final e en relación directa coa revisión de orzamentos adicados a políticas sociais quixera facer referencia ao seguinte:

A Carta Social Europea é a norma máis importante nacida no Consello Europeo. É un modelo inclusivo de dereitos económicos, sociais e civís, e contitue unha peza angular da Europa Social pois no seu artigo 4.2, sobre como garantir o dereito a unha remuneración equitativa, establece que as partes contratantes se comprometen a recoñecer o dereito das traballadoras a unha remuneración suficiente que lles proporcione un nivel de vida decoroso.

O Comité Europeo de Dereitos Sociais emitiu o 23.01.2015 o seu informe sobre o cumprimento do Estado Español da Carta Social Europea considerando que o salario mínimo establecido polo Goberno na Lei de Presupostos (actualmente 707,60 euros) non asegura un nivel de vida decente e que para o 1 de Xaneiro de 2018 debería ser de 860 euros mensuais por persoa.

Temos que camiñar para que as prestacións sociais se aproximen o máis posible a esa cantidade tendo en conta que o propio INE sitúa o umbral da pobreza en 684 euros/mes.

Para rematar conclúo que a Rede Galega contra a Pobreza debería mobilizarse para facer chegar ás Administracións Públicas as premisas da Carta Social Europea.

Os colectivos que hoxe nos reunimos debemos acompañar ás persoas usuarias dos Servizos Sociais na súa autoorgaización para que se recoñeza a súa representación nas Institucións Públicas na defensa dos seus intereses.